

GUÍA DE USO



Aula Virtual

Santillana

a Sanoma company



Aula Virtual 4

Santillana presenta Aula **Virtual 4**, unha plataforma educativa que proporciona ao profesorado e aos estudantes todo o necesario para crear un contorno de ensinanza e aprendizaxe dixital.

- Aula Virtual 4 está deseñada para acceder desde distintos dispositivos, ordenadores, tabletas con conexión a Internet ou sen ela, e pódese traballar cos seus contidos de forma sincronizada desde a aula e desde a casa.
- Poderás **comunicarte cos teus estudantes e organizar o traballo** de forma rápida e sinxela.
- **Terás acceso a todos os materiais** para o profesorado e para o alumnado que acompañan aos nosos proxectos na mesma plataforma: guías didácticas, solucionarios, suxestións para a avaliación, etc.
- Poderás seguir o desempeño dos teus estudantes mentres traballan cos libros de Santillana.
- **Aula Virtual 4 adáptas a ti e ao teu alumnado.** Existe unha versión para o docente, con acceso a contidos e áreas de traballo exclusivos, e outra específica para o alumnado.



Acceso a Aula Virtual 4

Podes acceder a Aula Virtual 4 de distintas formas dependendo de se vas utilizar a web conectada a Internet ou a aplicación para descargar os seus contidos no teu dispositivo.

- **ONLINE:** conéctate co teu navegador a <https://av.santillana.es>.
- **OFFLINE:** descarga a aplicación Aula Virtual 4 de <https://digital.santillana.es> ou das tendas Android e IOs.

Inicio de sesión

Poderás iniciar sesión en Aula Virtual usando as túas credenciais se xa creaches unha conta de usuario/a, ou, se tes un **usuario/a de e-vocación** (comunidade exclusiva de profesores que usan os materiais de Santillana), poderás acceder cos teus datos.




Como recupero o meu contrasinal?

Se esqueches o teu contrasinal, poderás crear un novo a través do email de recuperación que recibirás no teu correo electrónico.

Creación de conta

Se accedes a Aula Virtual por primeira vez, será necesario crear unha conta de usuario/a. Para iso, debes completar os catro pasos do proceso:



1. Licenza e contrasinal

A licenza e o contrasinal proporcionarachos o teu delegado/a comercial e terá asociados os libros solicitados.

2. Nome e apelidos

Inclúe o teu nome e un ou dous apelidos.

3. Usuario e contrasinal


Deberás lembrar o teu usuario/alias para iniciar sesión en AV4 en próximas ocasións. Poderás cambiar o teu contrasinal, se o desexas, unha vez finalizado o proceso de creación de conta, no apartado O Meu Perfil.

4. Correo electrónico

Deberás incluír un correo electrónico para asocialo á túa conta.

Os botóns de navegación

A través dos botóns do menú de navegación poderás acceder ás diferentes seccións de **Aula Virtual 4**.



Panel de control

O Panel de control está pensado como unha pantalla de inicio onde poderás ter á man a información máis destacada do teu día a día como docente.

Terás acceso directo ás **tarefas en progreso** creadas para as túas clases, a **axenda diaria** cos eventos programados para o día actual e **próximos eventos**, así como **comentarios** dos teus estudantes sobre as tarefas en curso.

Aula Virtual Santillana

Buscador...

Año 2022-2023

Cas...

Tareas en progreso

Todas las clases

Geografía e Historia 1ª A

Pruebas y exámenes escritos

Los climas del mundo

1/5

12/04/2023

Geografía e Historia 1ª A

Proyectos individuales

El clima y los seres humanos

4/5

13/04/2023

Agenda diaria

JUEVES

23, Marzo 2023

15:00 - 16:00

1 Hora

Revisión de exámenes

16:00 - 17:00

1 Hora

Reunión profesores

Nuevos comentarios

Geografía e Historia 1ª A

Tarea Los climas del mundo

Alejandro López Moreno

Hola Laura, ¿Qué tipo de gráfica utilizamos para la representación de los datos?

2023-03-23

Responder...

Próximos eventos

24/03/2023

Jornada de robótica

09:00 - 11:00


2 Horas

Descubriremos qué es la robótica educativa y sus aplicaciones en el aula.



Os meus libros

Nesta sección mostraranse os libros dixitais que foron asignados á túa conta. Poderás visualizar os libros, ler o contido e personalizalo, terás acceso a ferramentas para tomar notas, subliñar e agregar marcadores, entre outras.



Como engadir máis libros?

Premendo o botón «Nova licenza» poderás introducir as novas credenciais facilitadas polo teu delegado/a para engadir outros libros á túa librería de Aula Virtual 4.


Como visualizar os meus libros?

A través do botón  poderás acceder ao libro ou crear unha versión personalizada.



Aplicacións


Na sección Aplicacións poderás descubrir solucións dixitais para axudarte e complementar o teu día a día na aula. Unha delas é Bingel, unha plataforma para realizar exercicios onde poderás retar o teu alumnado para superarse nun contorno gamificado e adaptativo.





As miñas clases

Neste apartado poderás visualizar as diferentes clases, xestionar os seus membros, acceder ao contorno de creación de tarefas e visualizar de forma directa o libro asociado á materia correspondente.



Crear unha nova clase ou unirse a unha xa creada por outro/a docente.

Como creo unha clase?

Premendo o botón Nova clase poderás incluír os datos necesarios para a creación da túa clase.

Asociar libro

Deberás seleccionar un dos libros disponibles na túa librería para asocialo á clase.

Ponderacións

Establece as ponderacións para cada tipoloxía de tarefa. Lembra que a suma de todas elas debe ser 100.

Horario de materia

Poderás definir o horario da clase que estás creando.

Unha vez creada a nova clase, poderás acceder de forma directa ás súas principais seccións.



Editar clase

Podes **editar** os datos dunha clase así como **activar** ou **desactivar** o grupo.

Administrar membros da clase

Acceso directo ao apartado Tareas

Visualizar libro asociado á clase

Membros


Como me uno a unha clase xa creada?



Código de clase


Cada clase creada ten asociado un código. Podes solicitar o código da clase a que te queres unir e incluílo ao premer o botón **Unirse a unha clase existente**.


O docente que administre a clase deberá aceptar a túa solicitude.



Como xestiono os membros dunha clase?


A través da sección **Membros** da clase poderás ver os estudantes e docentes que forman parte do grupo.

Utilizando o interruptor  poderás activar ou desactivar os membros que solicitaron unirse á clase.




Tarefas

No apartado Tarefas poderás elaborar encargos para os teus estudantes e calificalos, compartir arquivos, xestionar a súa asistencia e realizar un seguimento global e personalizado dos seus avances, entre outras cousas.



Resumen

Visualizarás datos globais da clase e de cada estudante sobre as tarefas encargadas.




Seguimento

Terás un seguimento personalizado do avance de cada estudante no libro de clase.


Como crear tareas?

As tarefas en Aula Virtual 4 organizanse en **temas** asignados a un período do curso escolar.



Novo tema
Preme en «Novo tema» para crear o primeiro grupo de tarefas (p. ex. : *O clima*).

Unha vez creado un tema, poderás crear **tareas** asociadas ao mesmo.



Nova tarefa
Utiliza as pestanas para incluír as propiedades da tarefa e os seus destinatarios (p. ex. : *Os climas do mundo*).




Como edito as tarefas creadas?
Podes editar os datos das tarefas a través do botón ⋮.

Como corrigir tarefas?

Accedendo a cada unha das tarefas creadas, poderás visualizar o número de estudantes que a realizaron e poderás corrigir as súas respostas.




Datos da tarefa




Corrigir tarefa
Avalía as respostas dos teus estudantes; poderás realizar comentarios e devolver a tarefa se fose necesario.

Publicar notas
Unha vez corrigidas as tarefas podes publicar as notas para que os estudantes as visualicen na súa conta.



Axenda

Con esta funcionalidade poderás realizar un rexistro de eventos e programalos en distintos calendarios de forma organizada.



Como incluír novo evento?

Esta opción permíteche programar eventos e asocialos a un dos calendarios.

Se non existen calendarios creados, o evento asignase ao calendario «Eventos propios», que é de uso privado.

Se necesitas **compartir eventos** co teu alumnado, deberás **engadir un novo calendario** (p. ex. : *Clase 1.º A*).

Como engadir calendarios?

Podes engadir calendarios á túa axenda para compartir eventos cos teus estudantes.

Se es membro doutras clases, no calendario «Eventos de centro» aparecerán os correspondentes a eses grupos.




Mensaxes

Este apartado permitirache enviar mensaxes de forma individual, grupal ou a toda a clase, tamén poderás achegar arquivos* e ligazóns.

Nova mensaxe

Proba a crear e enviar as túas mensaxes. Poderás xestionalos a través da túa bandeja de entrada.



*Poderás achegar **archivos de imaxe** (.jpg / .png), **vídeo** (.avi / .mp4 / .mpg) ou **documentos** (.pdf), ademais de **archivos de Microsoft Office** (.docx, .xlsx e .pptx) cun límite de tamaño de 500 mb por arquivo.



Asistencia

Esta funcionalidade permitirache levar o rexistro da asistencia (falta ou atraso) do teu alumnado.


Se tes máis dun grupo de clase, poderás seleccionar sobre cal deles queres realizar o control.

Como engadir faltas de asistencia/atrasos?

Usa os despregables para elixir a clase e o período de rexistro.

Visualizarás a listaxe de estudantes onde poderás incluír a notificación.

Falta Retraso Presente Sin clase



Como exportar o rexistro de asistencia?


Se o desexas, podes exportar o rexistro de asistencia da semana que estás visualizando, en formato pdf.



Recursos

Esta sección permitirache organizar arquivos* en carpetas e compartilos coas túas clases.

*Poderás achegar **archivos de imaxe** (.jpg / .png), **video** (.avi / .mp4 / .mpg) ou **documentos** (.pdf), ademais de **archivos de Microsoft Office** (.docx, .xlsx e .pptx) cun límite de tamaño de 500 mb por arquivo.



Como inclúo recursos e os organizo?

Poderás subir distintos tipos de arquivos* para complementar as túas clases e organizalos en carpetas que só serán visibles para ti. Se desexas compartilos cos estudantes, deberás incluílos dentro da **carpeta compartida** da clase.

Como comparto recursos?

Por cada clase que teñas, créase automaticamente unha **carpeta compartida**. Todo arquivo que inclúas nela será visible para todos os seus membros.



Notas

Nesta área poderás consultar as calificacións do teu alumnado. No caso de que teñas máis dunha clase, deberás seleccionar sobre que clase queres realizar a consulta.

Nombre y apellidos	Primer Trimestre 2022-2023	Segundo Trimestre 2022-2023	Tercer Trimestre 2022-2023	Final
Alfonso López Moreno	4,9	5,3	7,5	5,9
Marta García Alonso	6	7,5	3,3	5,6
Roberto Fernández Carabá	5,4	6,8	8,5	6,9
Sergio Gil Velasco	5,9	8	7,2	7
Silvia Romero González	4,9	7,5	6,8	6,4

Exportar e publicar notas

Podes exportar o boletín de notas do curso escolar para cada clase.

Ao publicar as notas, automaticamente serán visibles para os teus alumnos e alumnas.




Tutorial interactivo

Aula Virtual 4 conta cun tutorial interactivo para guiarte nas distintas seccións, achegando unha serie de instrucións que che axudarán a familiarizarte coa plataforma.

Activar o tutorial interactivo

O tutorial iníciase automaticamente a primeira vez que accedes a Aula Virtual 4. Tamén poderás activalo en calquera momento a través do seu botón para guiarte na sección que esteas visualizando.



Poderás omitir o tutorial ou avanzar polos pasos específicos de cada apartado.



Santillana

a Sanoma company